

De Ninghures despide 2025 con dúas ‘feiras’ na Fonsagrada e na Coruña

A banda de multiinstrumentistas actuará na noite do sábado 6 na décima edición da Foliada da Fonsagrada; mentres que o día 20 subirá, ás 19.30 horas, ao escenario do Centro Ágora coruñés

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2025.- De Ninghures prepárase para festexar as dúas últimas ‘feiras’ do ano. A banda regresará ao lugar no que naceu o proxecto musical, a **Foliada da Fonsagrada**, para presentar o seu segundo LP, ‘Feira’. A actuación será ás 23.00 horas do sábado 6, noite na que compartirá cartel con Baiuca, Melidaos e A Duendeneta.

Ademais, o formación subirá ao escenario do **Centro Ágora da Coruña** o sábado 20, no marco do festival ‘Por amor á palabra solidariedade’, promovido pola Asociación Veciñal da Agra do Orzán. O concerto de De Ninghures comezará ás 19.30 horas e a entrada será libre ata completar a capacidade do auditorio.

‘Feira’ (2025, Tremendo Audiovisual) é o segundo LP dunha orixinal banda de multiinstrumentistas procedentes de Arzúa, Costa da Morte, A Fonsagrada e Santiago de Compostela. Sete artistas (Adrián, Aldara, Cataqui, Hadrián, Manu Lucas, Marta e Tomé) que traballan coa tradición popular galega dun xeito artesán, cunha sonoridade e discurso moi característico, coa intención de levala á escena actual. Da man do produtor Juan de Dios, recoñecido recentemente co galardón á **Mellor Produción Discográfica por ‘Feira’** nos I Premios da Industria da Música de Galicia, a banda revisita, actualiza e reivindica o patrimonio cultural do país.

Desde [a presentación do álbum na Sala Capitol en marzo](#) (no que a formación pendurou o cartel de ‘entradas esgotadas’), De Ninghures percorreu máis de 40 escenarios, tamén do estranxeiro. De cara ao 2026 a banda levará ‘Feira’ por distintas cidades de España no marco do ciclo **AIEnRuta**, que conta co apoio de AIE e Agadic.

DE NINGHURES - ‘FEIRA’ EN DIRECTO

Sábado 6 de decembro, 23.00 horas. Foliada da Fonsagrada.

Sábado 20 de decembro, 19.30 horas. Centro Ágora (A Coruña).

Kit de prensa: https://cutt.ly/presskit_DeNinghures_Feira

‘Feira’ en directo no San Froilán: <https://youtu.be/PX-bNk3FjWA?t=25>

Contacto de prensa: Lucía Pita | 675 404 321 lucia@tremendoaudiovisual.com